**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 09/03/2026**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes
DIEGO GARCIA SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 09/03/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02 de marzo de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2026/0738**
Os responsables da Asociación de Veciños de Rubiáns puxeron en coñecemento deste Concello o mal estado de varios elementos da Casa da cultura, detectándose en diferentes puntos con danos significativos na madeira.
Tras unha primeira inspección realizada polos servizos municipais, considerouse a posibilidade de que os danos fosen consecuencia dunha infestación de térmites.
Posteriormente, unha empresa especializada en control e eliminación de pragas (PLAGAL) levou a cabo unha segunda inspección, na que se confirmou que os danos observados son debido á presenza destes insectos.
A praga localízase tanto no interior do edificio como no solo laminado da zona do escenario e nos marcos de diversas portas. Dado o grao de extensión da infestación, resulta necesaria e urxente a execución de actuacións de desinfección, co obxectivo de evitar que os danos se estendan a outras zonas do inmoble.
Considerase necesario a realización dos seguintes traballos:
Tratamento de barreira química para o control dos térmites con produtos específicos incluíndo a inxección de termicida nos solos co obxectivo de crear unha barreira perimetral interior e exterior nos solos e/ou muros para a erradicación da praga.
As áreas a tratar son:

- Perímetro exterior do edificio: inxección na barreira perimetral mediante perforacións (aproximadamente 60 – 65 m)
- Interior do edificio: inxección en 3 marcos de portas (zona de aseos e acceso ó salón)
- Pulverizado na madeira do escenario)

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS S.L.U. con CIF: B-94112687, por un importe total de 5.808,00 €., con cargo á partida 334-63200, para a eliminación das térmites na Casa de Cultura de Rubiáns.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0713**
O Servizo de Vías Públicas procedeu á incorporación dun total de catro traballadores para reforzar o funcionamento ordinario do servizo. Dúas das incorporacións realizáronse por acumulación de tarefas, debido ao incremento de actuacións de mantemento de beirarrúas e da rede viaria municipal. As outras dúas contratacións efectuáronse para a cobertura temporal de baixas do persoal do servizo.
Para garantir a seguridade e saúde do persoal de nova incorporación, así como a súa correcta identificación como persoal municipal, resulta imprescindible a adquisición de vestiario laboral e EPIs adecuados ás características dos postos de traballo.
O subministro inclúe roupa de traballo (pantalóns, camisetas, chaquetas polares, etc.) e os correspondentes equipamentos de protección individual (calzado de seguridade).
A roupa incorpora a correspondente serigrafía co logo oficial do Concello de Vilagarcía de Arousa, garantindo a correcta identificación institucional do persoal durante o desempeño das súas funcións.
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 S.L. con CIF: B-36456952., por un importe total de 1.120,68 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1530.22199, para o subministro de vestiario e EPIs para persoal de nova incorporación no Servizo.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0752**
Dáse conta de reclamación formulada o día 25/01/2026, co Rexistro de Entrada nº WEB2026000568, polo Club Piragüismo Vilagarcía con CIF G-94138484, con domicilio na Rúa Peirao de Pasaxeiros S/N, localidade de Vilagarcía de Arousa, Código Postal 36600, Provincia de Pontevedra, na que presenta Recurso de Alzada contra a Resolución do Sr. Presidente da Fundación de Servizos Deportivos Municipais con data 23/12/2025, en base os seguintes feitos:
Por Resolución do Sr. Presidente con data 23/12/2025 da Fundación de Servizos Deportivos Municipais, desestimase a concesión da subvención ao Club Piragüismo Vilagarcía con CIF G94138484 con número de expediente DEPORT/2025/000263, conforme aos informes emitidos pola Secretaria da Fundación de Deportes o 23/12/2025 e do Interventor Xeral o 05/12/2025, dado que, á hora de presentar a documentación da Conta Xustificativa da subvención concedida, o devandito club presentou a mesma fóra dos prazos establecidos nas bases da Convocatoria (apartado 10.2 das bases: "Efectuada a notificación das concesión da subvención, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.").
Así como, se indica iniciar o expediente de reintegro de pago do anticipo do 80% da subvención concedida, que se lle abonou con carácter anticipado ao citado club conforme o apartado 12 das bases da convocatoria.
Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral da Fundación de Deportes que obra no expediente en base ao contido do expediente, aos informes emitidos e ao contido so recurso,que indica que:
1.- Por Resolución do Sr. Presidente da Fundación de Servizos Deportivos Municipais con data 03/118/2025, aprobouse a concesión de subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que presentaron correctamente a documentación conforme as bases da Convocatoria, na que consta como beneficiario da mesma ao Club Piragüismo Vilagarcía con CIF-G-94138484 e número de expediente DEPORT/2025/000263 ao que se lle outorgou un importe total de subvención de 1.812,35 €, así como o recoñecemento de obriga do 80% da subvención concedida por importe de 1.449,88 €, que se lle abonou ao citado clube con carácter anticipado.
2.- Con data 05/11/2025 número de r/s WEB2025006716 notificóuselle a concesión de subvención ao Club Piragüismo Vilagarcía, notificación que foi aberta polo interesado con data 7/11/2025, iniciándose así o prazo de presentación da Conta Xustificativa conforme o apartado 10.2 das bases da convocatoria que di o seguinte: "Efectuada a notificación das concesión da subvención, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte da recepción

da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.", rematándolle o devandito prazo de presentación da documentación o día 22/11/2025.
3.- O Club Piragüismo Vilagarcía con datas 25/11/2025 e 01/12/2025 presentou cos números de r/e WEB2025003125 e WEB2025003195 a Conta Xustificativa para a xustificación da subvención concedida, fóra dos prazos establecidos nas bases da convocatoria (apartado 10.2 indicado anterirmente).
4.- O apartado 11 das bases da convocatoria TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECEMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS que di literalmente: "…Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención,….
5.- Polo anteriormente exposto, entendese que o Club Piragüismo Vilagarcía presenta a documentación fóra dos prazos establecidos nas bases da devandita Convocatoria, o que se considera indicativo do incumprimento das mesmas, polo que o Club non pode ser beneficiario nin perceptor da subvención outorgada por importe de 1.812,35 €. Esto conleva a que deberá reintegrar o importe de 1.449,88 €, dado que percibiu o 80% da subvención concedida anticipadamente a xustificación da mesma, dando cumprimento así ao apartado 12 das bases da convocatoria.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:
PRIMEIRO: Desestimar o Recurso de Alzada presentado polo Club Piragüismo Vilagarcía con CIF-G-94138484 no Rexistro de Entrada do Concello nº WEB2026000568 o día 25/01/2026 , dado que se incumpren as bases reguladoras da Convocatoria das Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, para o Exercicio 2025, correspondente á tempada 2023/24 ano 2024, amparadas nas leis indicadas no informe anteriormente mencionado, mantendo os informes emitidos polo Interventor Xeral o 05/12/2025 e pola Secretaria Xeral o 23/12/2025, no que desestiman a concesión da subvención por non cumprir cos prazos establecidos na presentación da Conta Xustificativa.
SEGUNDO: A desestimación do recurso de alzada conleva a perdida de dereito a cobro da Subvención ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2025, correspondente a tempada 2023/24 ou ao 2024, concedida ao Club Piragüismo con CIF-G-94138484 como titular do expediente número DEPORT/2025/000263, por un importe total de MIL OITOCENTOS DOCE CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.812,35 €).
TERCEIRO: Requirir o reintegro do 80% da subvención concedida que se lle abonou con carácter anticipado ao Club Piragüimo Vilagarcía con CIF-G-94138484 como titular do expediente número DEPORT/2025/000263 por importe de MIL CATROCENTOS CORENTA E NOVE CON OCHENTA E OITO CÉNTIMOS (1.449,88 €), conforme o apartado 12 das bases da convocatoria.

**PRP2026/0754**
Dáse conta de solicitude presentada por D. José Manuel Arias Vega, en representación de ASEPEYO Mutua Colaboradora con la Seguridad Social nº 151, de licenza para construción de rampla de acceso para discapacitados e reserva de espazo para parada de ambulancias no Centro Asistencial de ASEPEYO.
Dáse conta de informe da Policía Local, no que indica que realizada comprobación do lugar advirtese que e necesaria a creación desta reserva fronte á entrada do establecemento, dotando a mesma da sinalización vertical e horizontal correspondente. Fan constar que o estacionamento neste punto é en batería polo que sería conveniente que a reserva fose máis ancha do previsto para un vehículo, para facilitar aos usuarios o acceso ás ambulancias.
Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a reserva de espazo solicitada, debendo proceder por parte de ASEPEYO á realización do rebaixe da beirarrúa e rampla de acceso para discapacitados, pola súa conta, dado que se trata dunha reserva para uso exclusivo de usuarios do citado establecemento.
Deberá poñerse en contacto coa Policía Local aos efectos da correcta sinalización da reserva.

**PRP2026/0757**

O pasado día 13 de novembro 2025 asinouse un novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.
Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.
A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2028, este convenio facilitará o acceso das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia ás solucións tecnolóxicas, sistemas e infraestructuras nas que estean interesadas, conforme ás especificacións e condicións de uso que serán descritas na documentación específica de cada unha delas.
O Catálogo de servizos do convenio, divídese en tres categorías:
- Servizos dixitais da Xunta de Galicia
- Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
- Datos e Territorio
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía ao convenio de colaboración asinado o día 13 de novembro 2025 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2026/0730**
Dáse conta de oficio da Xunta de Persoal do Concello no que se solicita a valoración dos niveis de gas radón en todas as instalacións pertencentes ao Concello.
Efectuadas as visitas de comprobación na Casa do Concello e no Auditorio Municipal pola técnica de prevención da empresa Quironprevención e recibido o presuposto de dita empresa o gasto estimado sería de 5.195,01€ IVE incluido.
Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Quirón Prevención SLU, CIF B64076482, para a realización de medicións de niveis de gas radón nos edificios da Casa do Concello e Auditorio Municipal, por un importe total de 5.195,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 221.22718.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2026/0750**
En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de febreiro 2026:
1- Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:
a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :
i. Atención educativa: 11.902,84€
ii. Comedor: 4.913,09€
b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 18 de Agosto de 2025 en concepto de:

i. Atención educativa: 6.800,39€
2- Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de febreiro 2026.
3- No mes de febreiro hai que descontar o pago de comedor bonificado polo Concello no mes de xaneiro de dúas familias que non estaban facendo uso do comedor, correspondentes aos expedientes: SS/2025/001710, importe a descontar 10,58€ e SS/2025/001983 importe a descontar 74,05€. En total tense que descontar un 84,63€.
Correspondería transferir do mes de febreiro 23.616,32€ e descontar 84,63€
Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de febreiro 2026: 23.531,69€, con cargo á partida 323.48007.

**EMPREGO**

**PRP2026/0732**
Dáse conta pola Concellería de Promoción Económica de Resolución Presiencial da Deputacón Provincial de Pontevedra, pola que se resolve:
PRIMEIRO.- PRESTAR APROBACIÓN á xustificación final achegada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, CIF.: P3606000B, relativa á subvención concedida no marco do Plan +Provincia para a activación do emprego – 2025, da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3).
SEGUNDO.- RECOÑECER A OBRIGA E ORDEAR O PAGAMENTO, a favor do citado concello, en concepto de liquidación final polo importe pendente de aboo, que ascende a CORENTA E CINCO MIL SETECENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (45.756,90 €) contra á aplicación 2026/942.9425.462.03.2025 do orzamento provincial.
TERCEIRO.- DARLLE TRASLADO da presente resolución ó Concello de Vilagarcía de Arousa, á Intervención Provincial e ó servizo de Cooperación.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**XUVENTUDE**

**PRP2026/0749**
A Concellería de Xuventude propón á XGL a aprobación das bases adxuntas que teñen como finalidade regular a participación e o acceso ás casetas, das editoriais e librarías con sede en Vilagarcía de Arousa, no evento "Vilagarcía, Cidade de Libro", promovendo a cultura, a lectura e o uso da lingua galega. Así mesmo, búscase regular a participación doutras entidades relevantes no sector cultural e /ou librarías especializadas, ao obxecto de enriquecer a programación do evento.
As bases fixan os requisitos e procedemento para a participación así como os dereitos e as obrigas a cumprir por parte dos participantes.
Establecese como prazo de inscrición de dez días naturais dende a data de publicación das bases na sede electrónica.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para a participación no evento "Vilagarcía, Cidade de Libro", das editoriais e librarías con sede en Vilagarcía de Arousa, así como Asociacións, editoriais relevantes no mundo da cultura e librarías especializadas.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

**TURISMO**

**PRP2026/0758**
Dáse conta da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para financiar os gastos derivados da contratación do persoal de atención da Oficina

de Turismo Municipal de Vilagarcía de Arousa e do Punto de Información Turístico do MUFEVI durante o exercicio 2025., facendo constar:
Que o servizo tivo como obxectivo estratéxico a mellora da experiencia do visitante en destino, a promoción dos recursos locais e provinciais, e o impulso da desestacionalización turística.
O volume de visitantes atendidos: un total de 13.003 persoas foron atendidas nas instalacións da Praza da Peixería e 1.513 persoas no Punto de Información do Museo do Ferrocarril durante o ano 2025.
O servizo foi executado por persoal técnico cualificado.
A oficina estivo aberta durante todo o ano 2025.
Concedeuselle a este Concello unha subvención por importe de 14.000 € para a Oficina Municipal de Turismo da Peixería e outros 14.000 para o Punto de Información Turístico do MUFEVI.
Os gastos totais que figuran na memoria técnica ascenden a 98.778,97 €, e foron recoñecidos e pagados e aplicaronse á finalidade subvencionada.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a conta xustificativa de conformidade coa memoria técnica da Concellería de Turismo.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL – CONSUMO

**PRP2026/0683**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o informe de renovación do seguro de Responsabilidade Civil Xeral deste Concello para o ano 2026, co nº de póliza 61020025, por importe de prima anual total de 110.248,74 €, correspondente ao periodo que vai do 01/01/2026 ao 31/12/2026.
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga e pago do importe de 110.248,74 €, con cargo á partida 920.224 correspondentes á renovación da citada póliza de Responsabilidade Civil para o ano 2026, unha vez sexa remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0684**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2026 dos seguros dos edificios deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os edificios por cada un dos servizos aos que corresponden e o custo por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:
-Administración Xeral ( partida 920-224): por importe de 9.050,82 €
-Alumeado Público (Parking Xoan XIII) ( partida 134-224) : por importe de 2.696,39 €
-Sanidade ( partida 920-224): por importe de 5.367,16 €
-Servizos Sociais ( partida 231-224) : por importe de 635,92 €
-Medio Ambiente (partida 1720-224) : por importe de 204,43 €
-Obras (partida 1530-224) : por importe de 471,78 €
-Policía (partida 132-224): por importe de 590,07 €
-Cultura (partida 334-224): por importe de 17.665,39 €
-Educación (partida 320-224): por importe de 3.694,94 €
-Escuela Música (partida 3262-224): por importe de 1.186,90 €
-Biblioteca (partida 3321-224): por importe de 2.775,61 €
-Promoción Económica (partida 4312-224): por importe de 3.390,82 €
-Turismo (partida 432-224): por importe de 834,06 €
-Emprego (partida 241-224): por importe de 815,77 €
-Emerxencias (partida 135-224): por importe de 580,77 €
-Escola Taller (partida 2412-224): por importe de 580,77 €

-Spad (partida 2311-224): por importe de 690,73 €
-Plan Concertado Servizos Sociais (partida 231-224): por importe de 870,02 €
TOTAL EDIFICIOS ANUALIDAD 2026: por importe total de 52.102,33 €
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga e o pago do importe de 52.102,33 €, correspondentes á renovación dos seguros de todos os edificios municipais, para a anualidade 2026, unha vez remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros.
Faise constar que no referente ao seguro que cubre o edificio do SPAD, o Pleno na súa sesión do 27/11/2025, acordou levar a cabo o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia do servizo e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD), de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa, a partir do 01/01/2026.
De acordo co establecido no Anexo IV do Decreto 127/2025 de 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, indica que: conforme a letra G), "o Servizo Galego de Saúde asumirá, a través das figuras xurídicas que correspondan, como a sinatura dun Convenio/Acordo entre o SERGAS e o Concello, aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas corporacións municipais con anterioridade a este acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia. A determinación dos contratos obxecto de subrogación ou forma de repartición do gasto entre administracións en que non proceda a subrogación determinarase nos acordos posteriores individualizados cos concellos de acordo coa información subministrada por eles con anterioridade a este acordo".
Polo exposto, acórdase repercutir o custo derivado da prestación dos citados servizos á Xunta de Galicia.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0686**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan informe de renovación sobre o resto do programa de seguros diferente á frota de vehículos, edificios e responsabilidade civil para esta anualidade 2026.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga e o pago dos importes de cada un dos citados seguros, unha vez sexan emitidas as correspondentes facturas electrónicas por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, e que se relacionan a continuación:
-Obras de arte/ póliza nº 31074102 con cargo á partida 334.224 por importe de 792,04 €
-Accidentes membros de Corporación Municipal/ póliza 51042431 con cargo á partida 912.224 por importe de 181,64 €.
-Accidentes traballadores municipais/ póliza 51042433 con cargo á partida 920.224 por importe de 4.952,83 €.
-Accidentes SPAD/ póliza 51042437 con cargo á partida 2311.224 por importe de 245,68 €.
-Embarcaciones de Protección Civil/ póliza nº 61141584 con cargo á partida 135.224 por importe de 1.211,84 €.
Faise constar que no referente ao seguro que cubre accidentes SPAD, o Pleno na súa sesión do 27/11/2025, acordou levar a cabo o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia do servizo e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD), de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa, a partir do 01/01/2026.
De acordo co establecido no Anexo IV do Decreto 127/2025 de 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, indica que: conforme a

letra G), “o Servizo Galego de Saúde asumirá, a través das figuras xurídicas que correspondan, como a sinatura dun Convenio/Acordo entre o SERGAS e o Concello, aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas corporacións municipais con anterioridade a este acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia. A determinación dos contratos obxecto de subrogación ou forma de repartición do gasto entre administracións en que non proceda a subrogación determinarase nos acordos posteriores individualizados cos concellos de acordo coa información subministrada por eles con anterioridade a este acordo”.
Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda repercutir o custe derivado da prestación dos citados servizos á Xunta de Galicia.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0687**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2026 dos seguros da flota de vehículos deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os vehículos por cada un dos servizos aos que corresponde cada vehículo e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:
-Servizo de Alumeado (partida 165.224), por importe de 3.993,92 €
-Servizo de Medio Ambiente (partida 1720.224), por importe de 5.726,62 €
-Policía Local (partida 132.224), por importe de 2.713,01 €
-Protección Civil (partida 135.224), por importe de 7.612,53 €
-Servizo de Emerxencias (partida 135.224), por importe de 6.280,34 €
-Servizo de Portería (partida 920.224), por importe de 714,47 €
-SPAD (partida 2311.224), por importe de 523,58 €
-Servizo Vías Públicas (partida 1530.224), por importe de 10.542,98 €
-Servizo de Xardíns (partida 171.224), por importe de 2.305,39 €
-Servizo Municipal de Mercados (partida 4312.224), por importe de 523,58 €
TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDAD 2026: 40.936,42 €
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga e o pago do importe de 40.936,02 €, correspondentes á renovación dos seguros de toda a flota de vehículos municipais, para a anualidade 2026, unha vez remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros.
Faise constar que no referente ao seguro que cubre o vehículo do SPAD, o Pleno na súa sesión do 27/11/2025, acordou levar a cabo o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia do servizo e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD), de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa, a partir do 01/01/2026.
De acordo co establecido no Anexo IV do Decreto 127/2025 de 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, indica que: conforme a letra G), “o Servizo Galego de Saúde asumirá, a través das figuras xurídicas que correspondan, como a sinatura dun Convenio/Acordo entre o SERGAS e o Concello, aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas corporacións municipais con anterioridade a este acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia. A determinación dos contratos obxecto de subrogación ou forma de repartición do gasto entre administracións en que non proceda a subrogación determinarase nos acordos posteriores individualizados cos concellos de acordo coa información subministrada por eles con anterioridade a este acordo”.
Polo exposto, acórdase repercutir o custo derivado da prestación dos citados servizos á Xunta de Galicia.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2026/0715**
Ao abeiro da convocatoria do do Plan de Obras e Servizos (Plan Mais Provincia 2026 - 2027) da Deputación de Pontevedra, a Área de Igualdade vai solictar unha subvención para a realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero, que pode ser incluído na liña 2, no epígrafe de Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos Concellos
Ese programa consta de dúas actividades de promoción da Igualdade:

- Un curso de formación en Atención sociosanitaria a persoas no domicilio dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade cun orzamento de 6.985,00€ (IVE exento).
- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural, cun orzamento de 6.704,72€ (ive incluído)

En base ao Anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a MEMORIA descritiva do citado programa, cun orzamento total por importe de 13.689,72€
- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra polo importe de 13.689,72€, asi como o compromiso de gasto con cargo as seguintes partidas:

- 2312 22615: 6.985,00€
- 2312 22610: 6.704,72€

## CULTURA

**PRP2026/0702**
Vista a solicitude de D. José Ramón Bascuas Muñiz, en representación da Asociación Juan De Sanclemente en Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Semana Santa en Carril o vindeiro día 5 de abril de 2026.

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Brisas do Rio Ulla, por importe de 350,00€.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0703**
Vista a solicitude de D. José Ramón Bascuas Muñiz, en representación da Asociación Juan De Sanclemente en Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de Corpus en Carril o vindeiro día 7 de xuño de 2026.

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Brisas do Rio Ulla, por importe de 350,00€.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0704**
Vista a solicitude da Asociación Cultural San José Aldea de Arriba (Cea) e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa na honra de San Xosé o vindeiro día 19 de marzo de 2026.

- Actuación do grupo de gaitas do Centro Cultural e Deportivo Sta. Placida, por importe de 391,00€.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0705**
Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación de Festas se Sobradelo e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de San Cibrán o vindeiro día 25 de maio de 2026.

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por importe de 391,00€.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0720**
Vista a solicitude de D. Jorge Puyuelo Barrios, en representación de Grey Coda SL (B99489783), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 27 de marzo de 2026, durante todo o día, para a celebración do espectáculo JAMES RHODES, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com eo mesmo día do evento no despacho da billeteira do Auditorio, cun prezo de entrada de: Zona A, 42,00 €; Zona B 40,00 € e Zona C 38,00 €, máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 84,15 €
- Operarios (2): 168,30 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 598,75 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2026/0723**

Vista a solicitude de D. Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de AINE PRODUCIÓNS SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día14 de marzo de 2026, durante todo o día, para a representación do espectáculo "AMORIÑOS", en sesións de 18:30 e 21:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A 20 €; Zona B 18 € e Zona C 15 €, máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 142,80 €
- Operarios (2): 285,60 €
- Persoal de taquilla (2): 142,80 €
- TOTAL: 835,90 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2026/0724**

Vista a solicitude de D. José Carlos Balnco Vila, en representación de CONDETRESPRES SL (B70374327), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 28 de marzo de 2026, durante todo o día, para a representación do monólogo "A PENÚLTIMA", protagonizado por Carlos Blanco, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último

recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
A venda de entradas anticipadas a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 15 €; Zona B e Zona C: 12 €,máis gastos de xestión, e o mesmo día no despacho de billeteira , cun prezo de Zona A e B: 18 €; Zona C 15 €, máis gastos de xestión, sendo a recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 76,50 €
- Operarios (2): 153,00 €
- Persoal de taquilla (2): 127,50 €
- TOTAL: 621,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

## CONTRATACIÓN

**PRP2026/0726**
O Concello de Vilagarcía de Arousa conta con diversas instalacións municipais dedicadas a múltiples actividades deportivas, asociativas e culturais, e abertas sempre á participación da cidadanía, que debido ao seu constante uso requiren que se leven a cabo traballos de mantemento e reparación.
Detectada a existencia de certas deficiencias, que requiren de obras de reparación, no Centro Social de Faxilde, e co obxectivo de garantir o bo estado e a seguridade deste espazo; o concello de Vilagarcía de Arousa contempla a execución das obras necesarias para asegurar as necesarias condicións de salubridade deste Centro Social e alargar a vida útil do referido edificio.
Esta actuación inclúe tarefas de reparación das humidades do Salón de Actos e do pasillo, así como o pintado con pintura antimofo e o cambio de planchas de escaiola do falso teito, que tamén están afectadas pola humidade.
Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.
O valor estimado do contrato é de 2.890 €.
Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda Adxudicar o contrato menor de “Pintado e cambio de planchas de escaiola no Salón de Actos e Pasillo do Cento social de Faxilde” á mercantil CHIKY Y NIETOS, S.L. (B94005998), por importe de 2.890,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 606,9 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 3.496,90 €, de conformidade co orzamento presentado, con cargo á partida orzamentaria 334-63200 (proxecto 2024/2/PREST/12).

**PRP2026/0731**
En data 01/12/2025 a XGL adxudica o contrato menor de servizos para a “Redacción do proxecto de rehabilitación do Pavillón Municipal de Bamio” ao arquitecto D. David Álvarez Caeiro (col. 3905) con NIF 77411731X, por importe de 3.500,00 (IVE excluído) e 4.235,00 € (IVE engadido).
En data 05/02/2026 no Rexistro Xeral do Concello, presentase en su segunda e última versión do proxecto técnico de “REACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DEPORTIVO DE BAMIO” e este foi de novo supervisado favorablemente, polo arquitecto municipal, con data 02/03/2026.
O proxecto técnico ten por obxecto describir da forma máis concisa posible, os traballos a realizar para reformar o pavillón de deportes de Bamio.
Proxéctase unha intervención mínima que permita volver usar o edificio cumprindo coas condicións de seguridade necesarias.
O orzamento da obra é o seguinte:

| SEN IVE | IVE (21%) | TOTAL (IVE inc.) |
|---|---|---|
| 68.673,54 € | 14.421,44 € | 83.094,98 € |

O prazo de execución establecido no referido proxecto técnico é de 2 meses.
Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado "Reacondicionamento Do PavIllón Deportivo de Bamio", redactado polo arquitecto D. David Álvarez Caeiro (col. 3905) con NIF 77411731X, por un importe de licitación (IVE engadido) de 83.094,98 €.

**PRP2026/0751**
De conformidade as Bases Reguladores do Plan + PROVINCIA 2026-2027 para o financiamento dos Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social enmarcada na Base do Capítulo II- LIÑA 2, propoño deseguido unha relación dos seguintes gastos correntes, aos efectos de que sexan subvencionados con cargo ao PLAN + PROVINCIA 2026 (LIÑA 2) :
- Gastos derivados da celebración do IX Festival Internacional de Música ClasClas (exclusivamente cachés)
- TOTAL GASTO 30.000,00 € (IVE engadido)

• Subvención (100%): 30,000,00 €

- Gastos derivados da actividade a realizar no programa das festas de San Roque: Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2026 (prestación de servizo pirotécnico).
- TOTAL GASTO 47.154,78 € (IVE engadido)

• Subvención(100%): 47.154,78 € (IVE engadido)

- Gasto corrente (gastos no relativo á prestación e Desenvolv.sesións (2 ses.X 2h.X18gruposX40€/h.) e Coordinación/ organización Xuntanzas -comunicación telef./mail con centros. Organización de materiais didácticos e preparación sesións seguimento. Asesoramento entre a intervención e sesións de reforzo (2h.X 18 gruposX 40 €/h.). avaliación.Desprazamentos) para o financiamento da actividade "Programa de habilidades socioemocionais para a mellora de convivencia" no departamento de servizos sociais do concello.
- TOTAL GASTO 8.748,30 € (IVE engadido)

• Subvención(100%): 8.748,30 €

- Gasto corrente novo (Preparación dramatizacións Coordinación, organización de materiais didácticos e textos. Preparación de atrezzo e escenografía co grupo. Dinamización educativa. Elaboración de informe avaliativo. Desprazamentos) para o financiamento do Proxecto de acción Social a través do TEATRO AFORO no departamento de servizos sociais do concello.
- TOTAL GASTO 5.154,60 € (IVE engadido)

• Subvención (100%): 5.154,60 €

- Gasto corrente novo (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento sesións (40hX40€/h.) e deseño, Coordinación/ organización. Avaliación.Desprazamentos.) para o financiamento da actividade Proxecto de prevención de problemáticas socioeducativas en contornas dixitais para o departamento de servizos sociais do concello.
- TOTAL GASTO 4.235,00 € (IVE engadido)

• Subvención (100%): 4.235,00 €

- Gasto corrente novo (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento do proxecto (30hX 40€/hora) e deseño coordinación cos departamentos de orientación e equipos directivos, desprazamentos e informes avaliativos.) para o financiamento do Proxecto de Prevención da Ludopatía en Menores no departamento de servizos sociais do concello.
- TOTAL GASTO: 3.690,50 € (IVE engadido)

• Subvención(100%): 3.690,50 €

- Gasto corrente para a realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero, que consta de dúas actividades:
a) Curso de Formación en Atención sociosanitaria a persoas no domicilio dirixido a mulleres vitimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade cun orzamento de:
- TOTAL GASTO .......................................................................6.985,00 (IVE EXENTO)
b) Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural cun orzamento de :
- TOTAL GASTO.................................................................... 6.704,72 € (IVE incluido)
TOTAL GASTO(a+b) 13.689,72 € (IVE engadido)

- Subvención(100%): 13.689,72 €

- Gasto corrente para a realización dun Programa Proxecto Activate - Taller Estimulación cognitiva e Psicomotriz consistente en tres obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores.
- TOTAL GASTO 14.400,00 € (IVE exento)

- Subvención (100%): 14.400,00 € (IVE exento)

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Excma. Deputación de Pontevedra, ao abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do PLAN + PROVINCIA 2026-2027 da Liña 2 (BOPPO Nº 1 do 2 de xaneiro de 2026), a aprobación dos gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, e que se desagregan neste acordo, pola cantidade Total (IVE engadido) de 127.072,90 €, contemplando deste xeito, a mesma porcentaxe (100%) de financiamento de todas as actividades propostas.

**PRP2026/0760**
O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2012, acordou por maioría absoluta, ratificar a modificación dos Estatutos da Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA), coa redacción dada polo Padroado da Fundación en sesión celebrada o día 5 de xaneiro de 2012, coa excepción dos artigos 26 e 49 que son obxecto de nova redacción.
Sendo que o Padroado da Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA), en sesión celebrada o día 11 de xuño de 2012, ademais de acordar a aprobación dos Estatutos coa redacción dado polo Pleno dos artigos 26 e 49 tal e como se indica no paragrafo anterior, autorizou ao Concello de Vilagarcía de Arousa a utilización das instalacións do recinto feiral para a realización de actividades compatibles cos fins fundacionais, debendo o Concello facerse cargo dos gastos de limpeza, mantemento e subministración das instalacións utilizadas polos distintos servizos municipais.
Resultando que o 9 de outubro de 2012 o Padroado acordou o cambio de titularidade dos contratos de subministración de servizos a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa , sen que tal modificación chegase a formalizarse na totalidade dos contratos vixentes.
Posteriormente o 21 de decembro de 2012, o Padroado da Fundación Fexdega, acordou autorizar o uso do Recinto Feiral de Fexdega, en convivencia coas feiras que se poidan programar, para o desenvolvemento do proxecto deportivo da Fundación Municipal de Deportes.
A vista, así mesmo, de que o Padroado da Fundación FEXDEGA celebrou reunión no mes de marzo de 2021, acordando por unanimidade solicitar á Consellería competente da Xunta de Galicia a liquidación oficial da entidade e a integración das instalacións e bens no patrimonio municipal de Vilagarcía de Arousa, argumentándose a carencia de actividade práctica e de persoal propio da Fundación, así como o feito de que o Concello viña asumindo desde anos anteriores a dirección, xestión e gastos de mantemento e funcionamento do recinto feiral.
Resultando que mediante Orde do 15 de maio de 2024, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 101, do 27 de maio de 2024, procedeuse á reasignación do exercicio das funcións de protectorado sobre determinadas fundacións de interese galego como consecuencia da reestruturación orgánica da Xunta de Galicia, figurando entre elas a Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA), pasando a exercer o protectorado a Consellería competente en materia de emprego, comercio e emigración.
Sendo que, de feito, o recinto feiral vén sendo utilizado de forma maioritaria e continuada polo

Concello de Vilagarcía de Arousa e pola Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais para o desenvolvemento de actividades deportivas, culturais e de ocio de competencia municipal. Pese ao anterior, a Fundación FEXDEGA vén soportando gastos correntes derivados do uso municipal das instalacións, tales como subministración eléctrica, telefonía, asesoría fiscal e xurídica, mantemento e outros servizos necesarios para o funcionamento ordinario do recinto.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro.- Declarar que os gastos correntes soportados pola Fundación FEXDEGA durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de decembro de 2025, relativos a subministración eléctrica, telefonía, asesoría, mantemento e servizos necesarios para o funcionamento do recinto feiral, corresponden materialmente ao uso e actividade municipal desenvolvida no mesmo, concretamente co seguinte desglose (incluíndo a partida orzamentaria con cargo ás cales correspondería facer a compensación de cada gasto):

- ELECTRICIDADE (partida 4311-2210 ENERXÍA ELÉCTRICA)

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO |
|---|---|---|---|---|
| FE25321492799898 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 13.497,59 € | 17/02/2025 |
| FE25321493941932 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 7.397,21 € | 04/03/2025 |
| FE25321494333671 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 2.771,25 € | 20/03/2025 |
| FE25321494826346 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 5.365,48 € | 23/04/2025 |
| FE25321495196963 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 2.886,87 € | 26/05/2025 |
| FE25321495465936 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 2.454,01 € | 23/06/2025 |
| FE25390027391449 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 2.002,40 € | 02/09/2025 |
| FE25390028724376 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 1.702,68 € | 15/09/2025 |
| FE25390032799888 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 1.903,66 € | 14/10/2025 |
| FE25390037016718 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 2.528,68 € | 14/11/2025 |
| FE25390040941964 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 6.014,14 € | 12/12/2025 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (11 FACTURAS) | | | 48.523,97 € | |

- GAS (partida 4311-22102 GAS)

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO |
|---|---|---|---|---|
| FE25321494985097 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 68,91 € | 15/05/2025 |
| FE25321495599379 | NATURGY IBERIA S.A. | A08431090 | 65,56 € | 07/07/2025 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (2 FACTURAS) | | | 134,47 € | |

- ASESORÍA (partida 4311-22799 OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS)

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO |
|---|---|---|---|---|
| 8552 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 207,16 € | 05/11/2024 |
| 9361 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 207,16 € | 03/12/2024 |
| 51 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 06/01/2025 |
| 1053 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 04/02/2025 |
| 2041 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 04/03/2025 |
| 3023 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 02/04/2025 |
| 4061 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 05/05/2025 |
| 5054 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 03/06/2025 |
| 6065 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 02/07/2025 |
| 7187 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 05/08/2025 |
| 8143 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 243,63 € | 11/08/2025 |
| 8980 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 04/09/2025 |
| 10013 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 03/10/2025 |
| 11127 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 05/11/2025 |
| 12159 | AFYT ASESORES SL | B94034147 | 216,35 € | 04/12/2025 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (15 FACTURAS) | | | 3.254,15 € | |

- SEGUROS (partida 4311-224 SEGUROS)

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO |
|---|---|---|---|---|
| Recibo 854822727 Póliza 27187662/0 | ALLIANZ SEGUROS | A28007748 | 3.853,74 € | 03/03/2025 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Recibo 504489877 Póliza 27187662/0 | ALLIANZ SEGUROS | A28007748 | 5.359,23 € | 02/07/2025 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (2 FACTURAS) | | | 9.212,97 € | |

- LIMPEZA (partida 4311-22700 LIMPEZA)

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO |
|---|---|---|---|---|
| 02148000034124F | CLECE, S.A. | A80364243 | 3.263,87 | 17/02/2025 |
| 02148000037224F | CLECE, S.A. | A80364243 | 3.263,87 | 17/02/2025 |
| 02148000040824F | CLECE, S.A. | A80364243 | 3.263,87 | 17/02/2025 |
| 02148000043325f | CLECE, S.A. | A80364243 | 3.263,87 | 17/02/2025 |
| 02148000026024F | CLECE, S.A. | A80364243 | 2.779,73 | 26/08/2025 |
| 02148000006525F | CLECE, S.A. | A80364243 | 3.263,87 | 26/08/2025 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (6 FACTURAS) | | | 19.099,08 € | |

- MANTEMENTO E SERVIZOS NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DO RECINTO FEIRAL

| Nº FACTURA | SUBMINISTRADOR | NIF | IMPORTE CON IVE | DATA DE PAGO | Partida orzamentaria |
|---|---|---|---|---|---|
| 202408336 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 20,90 € | 17/02/2025 | 4311-22199 |
| 202408755 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 106,76 € | 17/02/2025 | 4311-22199 |
| 1241112816 | KILOVATIO AROUSA | B64471840 | 130,32 € | 17/02/2025 | 4311-22199 |
| A/000309/2024 | SEPY MEDICAL | B36484822 | 13,19 € | 17/02/2025 | 4311-22199 |
| A/16026 | Juan José Canto Bua de CBL Higiene | 35465040Y | 1.230,69 € | 01/07/2025 | 4311-22199 |
| A/00083/2025 | Sepy Medical | G36200145 | 376,19 € | 01/07/2025 | 4311-22199 |
| F25 / 895 | SEGURGAL | G36200145 | 388,29 € | 01/07/2025 | 4311-213 |
| 202502855 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 149,21 € | 01/07/2025 | 4311-22199 |
| 202503627 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 2,00 € | 01/07/2025 | 4311-22199 |
| 25/0000098 | CUEVAS SL | B36027597 | 703,01 € | 01/07/2025 | 4311-212 |
| F25-1160 | SEGURGAL | B36911634 | 1.064,58 € | 01/07/2025 | 4311-213 |
| KF2503007 | KENFRI. | B94095379 | 573,93 € | 01/07/2025 | 4311-213 |
| 0 -24004324 | SOBRINO G., S.A. | A36030138 | 177,01 € | 26/08/2025 | 4311-22199 |
| 0 -24005390 | SOBRINO G., S.A. | A36030138 | 25,16 € | 26/08/2025 | 4311-22199 |
| 0 -24007079 | SOBRINO G., S.A. | A36030138 | 20,87 € | 26/08/2025 | 4311-22199 |
| 0 -25002259 | SOBRINO G., S.A. | A36030138 | 5,25 € | 26/08/2025 | 4311-22199 |
| Factura 202.500-257 | PLAGAL CONTROL DE PLAGAS S.L.U | B94112687 | 459,80 € | 26/08/2025 | 4311-22799 |
| Factura 202.500.258 | PLAGAL CONTROL DE PLAGAS S.L.U. | B94112687 | 1.197,90 € | 26/08/2025 | 4311-22799 |
| 0 -25005240 | SOBRINO G., S.A. | A36030138 | 23,22 € | 19/12/2025 | 4311-22199 |
| 202507280 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 52,13 € | 19/12/2025 | 4311-22199 |
| 202507647 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 25,85 € | 19/12/2025 | 4311-22199 |
| 202508034 | CASTROMAN I S.L. | B36406650 | 82,66 € | 19/12/2025 | 4311-22199 |
| 202508464 | CASTROMAN I S.L. | B36406651 | 47,81 € | 19/12/2025 | 4311-22199 |
| INFO 017-2025_r nº 28 | Pablo Pérez Eyre | 35468660S | 636,00 € | 19/12/2025 | 4311-22706 |
| IMPORTE TOTAL NO PERIODO (24 FACTURAS) | | | 7.512,73 € | | |

## RESUMO DOS GASTOS

| TIPO DE GASTO | IMPORTE GASTOS | PARTIDA ORZAMENTARIA |
|---|---|---|
| 1. LUZ | 48.523,97 € | 4311-22100 |
| 2. GAS | 134,47 € | 4311-22102 |
| 3. ASESORÍA | 3.254,15 € | 4311-22799 |
| 4. SEGUROS | 9.212,97 € | 4311-224 |
| 5. LIMPEZA | 19.099,08 € | 4311-22700 |
| 6. MANTEMENTO E SERVIZOS (desglosado por partidas) | 7.512,73 € | |
| • 6.a) OUTROS SUBMINISTROS | 2.489,22 € | 4311-22199 |
| • 6.b) EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS | 703,01 € | 4311-212 |
| • 6.c) MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE | 2.026,80 € | 4311-213 |
| • 6.d) OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E | 1.657,70 € | 4311-22799 |

| | | |
|---|---|---|
| PROFESIONAIS | | |
| • 6.e) ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS | 636,00 € | 4311-22706 |
| TOTAL | 87.737,37€ | |

Segundo.- Aprobar a compensación económica á Fundación FEXDEGA polos gastos efectivamente satisfeitos e debidamente xustificados mediante facturas e acreditación de pagamento, por un importe total de 87.737,37 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento vixente e polos importes que se recollen a continuación:

- 4311-22100 ENERXÍA ELÉCTRICA: 48.523,97 €
- 4311-22102 GAS: 134,47 €
- 4311-22799 OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESONAIS: 3.254,15 € + 1.657,70 € = 4.911,85 €
- 4311-224 SEGUROS: 9.212,97 €
- 4311-22700 LIMPEZA: 19.099,08 €
- 4311-22199 OUTROS SUBMINISTROS: 2.489,22 €
- 4311-212 EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS: 703,01 €
- 4311-213 MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE: 2.026,80 €
- 4311-22706 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS: 636,00 €

Terceiro.- Establecer expresamente que a compensación aprobada ten carácter indemnizatorio ou de reembolso de gastos soportados en interese municipal, carecendo de natureza subvencional.
Cuarto.- Dispoñer que, en tanto non se formalice o cambio definitivo de titularidade dos contratos de subministración e servizos, o Concello poderá asumir directamente o pagamento aos provedores ou compensar os gastos soportados pola Fundación, previa tramitación do correspondente expediente administrativo, con xustificación detallada dos gastos soportados e fiscalización previa da Intervención municipal.
Quinto.- Instar os servizos competentes á inmediata regularización estrutural da situación contractual dos subministros.

**PRP2026/0781**
O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”, enmarcado no Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, así como as actuacións especificadas no anexo I da Resolución de concesión. Dentro das 10 actuacións subvencionables, no Eixo programático 2 (Mellora da eficiencia enerxética) atópase a actuación nº 3, destinada á Renovación de iluminación en paseo peonil de praias, espazos de lecer e parques en Camiño de Santiago e áreas Ciclovías. Dita actuación ten asignada a etiqueta climática 026 bis ao ser unha mellora substancial da eficiencia enerxética de mobiliario urbano ou de infraestrutura pública (farois e similares) que contribúe ao 100% aos obxectivos climáticos.
Este Concello licitou e adxudicou a obra denominada “Renovación de iluminación en paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa e acceso a praias urbanas”. Tendo en conta que a obra licitada non comprende a renovación da iluminación da totalidade do paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa, preténdese, cos remanentes existentes nas distintas actuacións do PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa, ampliar dita renovación á zona 1 de Carril, para o que foi necesario redactar o correspondente proxecto técnico de óbra “Renovación da iluminación pública do Paseo Marítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo Zona 1 de Carril”.
Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23 de febreiro de 2026, adxudicouse o contrato menor de servizos para a “Redacción dell proxecto de execución para a renovación da iluminación pública do paseo martítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo zona 1 de Carril”, ao Enxeñeiro Industrial don ANTONIO CAPELO GARCÍA, por un importe de 1.210,00 € (IVE incluído).

En data 03.03.2026 WEB2026001735 preséntase a traves do Rexistro Xeral do Concello, o proxecto denominado “Proxecto de execución para a renovación da iluminación pública do paseo martítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo zona 1 de Carril” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Antonio Capelo García.
O obxecto do proxecto é definir o alcance das actuacións necesarias para a renovación da iluminación do paseo marítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo zona 1 de Carril, co fin de cumprir cos parámetros de iluminación establecidos na Normativa de aplicación e co obxectivo, tamén, de conseguir os seguintes puntos:
- Adaptación da instalación de iluminación pública ao RD 1890/2008
- Enxalzar o Paseo Marítimo ao ser un dos lugares máis representativos e concorridos do municipio de Vilagarcía de Arousa
- Substitución de columnas e luminarias actuais en mal estado.
- Mellora os niveis de iluminación e a uniformidade
- Mellora do índice de reprodución cromática destas instalacións.
- Redución da contaminación lumínica, reducindo o FHS a menos da 1%
- Mellora do servizo de iluminación pública, reducindo o número de incidencias
- Consecución de aforros enerxéticos e de emisións de gases de efecto invernadoiro e aforros económicos.
- Mellora de parámetros luminotécnicos (como son nivel medio de luminancia e uniformidades).
- Mellora da vida útil da instalación, co correspondente aforro en mantemento.
- Diminución da contaminación lumínica.
- Mellora da seguridade da instalación.
- Conseguir flexibilidade para poder regular a iluminación de acordo cos cambios de escenarios e necesidades futuras.

O enxeñeiro técnico municipal emitiu informe de supervisión favorable en data 03 de marzo de 2026.
O ámbito de actuación do proxecto atópase comprendido dentro da zona de Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT), segundo a delimitación establecida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD).
Con todo, as actuacións contempladas no presente proxecto non supoñen ampliación da rede de iluminación nin ocupación adicional de terreos, xa que se prevé a renovación dos puntos de luz existentes da iluminación pública do paseo marítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo zona 1 de Carril, mantendo as súas localizacións actuais. Elimínanse mesmo varios puntos de luz respecto a a instalación anterior, o que supón unha redución de elementos no dominio público.
O Concello con data 04/03/2026, remitiu a declaración responsable para a realización de obras no dominio público marítimo-terrestre xunto co proxecto e o informe de supervisión do enxeñeiro municipal ao Servizo do Litoral -Departamento Territorial de Pontevedra, por ser a devandita declaración obxecto de traspaso de competencias, conforme ao indicado no Anexo do Real Decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 48.393,14 € (IVE incluído).
O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 1 mes.
Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a probar o proxecto técnico denominado “Renovación da iluminación pública do Paseo Marítimo da Praia de Compostela en Vilagarcía de Arousa, tramo Zona 1 de Carri”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Antonio Capelo García, cun orzamento de 48.393,14 € (IVE incluído), quedando esta aprobación condicionada ao que resulte da citada declaración responsable, debendo aprobar novamente o proxecto en caso de ser necesaria a súa modificación.

**Asuntos fóra da Orde do Día:**

**PRP2026/0810**
INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN EN RELACIÓN CO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA ENTIDADE DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO CT 64/2025 DENOMINADO

“IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOBILIDADE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Visto o recurso especial en materia de contratación interposto pola entidade Dos Espacios Internet Consulting, S.L. contra a adxudicación do contrato CT 64/2025 denominado “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOVILIDAD NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, o órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), emite o seguinte informe:

En relación co expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato denominado “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOBILIDADE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, o xefe do servizo de informática, vistas as ofertas presentadas, con data 13/01/2026, emitiu sobre o punto A-2-2 das Melloras ofertadas polos licitadores avaliables automaticamente no PCAP (Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación), da licitación “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOBILIDADE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, o seguinte informe:

«Informe sobre o punto A-2-2 das Melloras ofertadas polo licitador avaliables automaticamente no PCAP (Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación), da licitación “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOBILIDADE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”

A-2-2.1 Valorarase con 5 puntos a adscrición á execución do proxecto dun consultor con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en xestión de proxectos de DTI (destino turístico intelixente) ou de PSTD (plan de sustentabilidade turística en destino).

| | Empresa/Licitador | Persoa Proposta | Cumpre criterios Anexo IV PCAP |
|---|---|---|---|
| A-2-2.1.- Consultor con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en xestión de proxectos de DTI (destino turístico intelixente) ou de PSTD (plan de sustentabilidade turística en destino). | ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBÓTICA DOMÓTICA SL | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |
| | CINNIATECH SLU | Don Aleix Targas Martínez | SI |
| | DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL | Dona Ana Bermúdez Gómez | SI |
| | IMESAPI SA | Dona Elena Verónica Timón Pereira | SI |
| | PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |
| | PROMETEO INNOVATIONS S.L. | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |

A-2-2.2 Valorarase con 5 puntos a adscrición á execución do proxecto dun técnico de contidos con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en creación de contidos turísticos.

| | Empresa/Licitador | Persoa Proposta | Cumpre criterios Anexo IV PCAP |
|---|---|---|---|
| A-2-2.2.- Técnico de contidos con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en creación de contidos turísticos. | ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBÓTICA DOMÓTICA SL | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |
| | CINNIATECH SLU | Don Albert Serra Girbau | SI |
| | DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL | Dona Ángela Brianes Loroño | SI |
| | IMESAPI SA | Don Rodrigo Montero Muñoz | SI |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |
| | PROMETEO INNOVATIONS S.L. | NON ADSCRIBE PERSOA | NON PRESENTA |

»

Por outra banda, o informe da Xefa do Servizo de Contratación, de data 15 de xaneiro de 2026, en relación coas baixas presuntamente anormais ou desproporcionadas indica o seguinte:

"CÁLCULO EXISTENCIA BAIXAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS NA LICITACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS DENOMINADO "IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA DIXITAL E INTELIXENTE E O SEU COMPOÑENTE VERTICAL DE MOVILIDAD NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", DENTRO DO MARCO DE ACTUACIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA, FINANCIADO POLA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO, POLA QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO ABEIRO DO REAL DECRETO 1073/2021, DO 7 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DO PLAN NACIONAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS XACOBEO 2021, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (CT 64/2025)

As ofertas, relativas a criterios avaliables automaticamente, presentadas polos licitadoares, foron as seguintes:

| LICITADOR | Oferta económica sen IVE | Incremento prazo garantía respecto ao mínimo (3 anos) | Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscripción dun consultor con experiencia en xestión de proxecto DTI ou de PSTD | Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscripción dun técnico de contidos con experiencia en creación de contidos turísticos. |
|---|---|---|---|---|
| ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBOTICA DOMÓTICA, S.L. | 187.900,00€ | Sí (2 anos) | Non | Non |
| CINNIA TECH | 169.368,45€ | Sí (2 anos) | Sí. Adscribe a D. Aleix Targas e presenta documentación para acreditar a súa experiencia | Sí. Adscribe a D. Albert Serra e presenta documentación para acreditar a súa experiencia. |
| DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. | 134.688,36€ | Sí (2 anos) | Sí. Adscribe a Dona. Ana Bermúdez Gómez e presenta documentación para acreditar a súa experiencia | Sí. Adscribe a Dona. Ángela Brianes Loroño e presenta documentación para acreditar a súa experiencia |
| IMESAPI S.A. | 199.727,63€ | Sí (2 anos) | Sí. Presenta curriculum e expón experiencia profesional de don Rodrigo Montero Muñoz e dona Elena Verónica Timón Pereira; e acompaña documentación para acreditar a experiencia. | Sí. Presenta curriculum e expone experiencia profesional de don Rodrigo Montero Muñóz e dona Elena Verónica Timón Pereira; e acompaña documentación para acreditar a experiencia. |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 155.860,54€ | Sí (2 anos) | Sí fai constar no documento denominado «Xustificación de melloras evaluables automáticamente», ampliación do equipo técnico A.2.2.1 Consultor con experiencia en DTI/PSTD; pero non adscribe a ningunha persoa, nin presenta documentación para acreditar a súa experiencia | Sí fai constar no documento denominado «Xustificación de melloras evaluables automáticamente", ampliación do equipo técnico A.2.2.2 Técnico de contidos; pero non adscribe a ningunha persoa, nin presenta documentación para acreditar a súa experiencia |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | 184.954,00€ | Sí (2 anos) | | |

O orzamento basee de licitación do contrato ascende a 207.814,05 € (IVE excluído).

Ao obxecto de determinar se algunha das ofertas presentadas está incursa en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada, aplícanse os criterios contemplados no PCAP que rexe a licitación na súa cláusula 12.2 Ofertas anormalmente baixas, que indica o seguinte:

"No caso de que a mesa de contratación detectase unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade por darse os supostos previstos no artigo 149 LCSP, e concretados a continuación, a Mesa, unha vez realizada a actuación recollida no punto 1 anterior, seguirá o procedemento previsto no citado artigo 149. O prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 10 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Para os efectos do disposto no art. 149 da LCSP, terán a consideración de ofertas anormalmente

baixas as ofertas que se atopen nos supostos contemplados a continuación:
[…]
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, considerarase anormalmente baixa a oferta que cumpra os dous criterios seguintes:

a) Que a oferta económica sexa inferior en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 5 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

b) Que a puntuación que lle corresponda no resto dos criterios de adxudicación diferentes ao prezo (criterios suxeitos a xuízo de valor e avaliables automaticamente) sexa superior nun 10% á media aritmética das puntuacións de todas as ofertas.

Realizado un primeiro cálculo en relación coa oferta económica compróbase que existen 3 ofertas que son superiores en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas.

| LICITADOR | Oferta económica IVE excluido | Baixa | % baixa | Desv. da media |
|---|---|---|---|---|
| CINNIA TECH | 169.368,45 € | -38.445,60 | 18,50 | -1,58 |
| DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. | 134.688,36 € | -73.125,69 | 35,19 | -21,73 |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | 184.954,00 € | -22.860,05 | 11,00 | 7,48 |
| ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBOTICA DOMOTICA S.L | 187.900,00 € | -19.914,05 | 9,58 | 9,19 |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 155.860,54 € | -51.953,51 | 25,00 | -9,43 |
| IMESAPI S.A. | 199.727,63 € | -8.086,42 | 3,89 | 16,06 |
| | | | | |
| PRESUPUESTO LICITACIÓN | 207.814,05 € | | | |
| OFERTA MÁS ECONÓMICA | 134.688,36 € | | | |
| MEDIA OFERTAS | 172.083,16 € | | | |
| 5% MEDIA OFERTAS PRESENTADAS | 8.604,16 € | | | |
| LÍMITE OFERTA SUPERIOR A LA MEDIA EN UN 5% | 180.687,32 € | | | |

Realízase un segundo cálculo eliminando as ofertas que son superiores en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas, sendo o resultado o seguinte:

| LICITADOR | Oferta económica IVE excluido | Baixa | % baixa | Desv. da media |
|---|---|---|---|---|
| CINNIA TECH | 169.368,45 € | -38.445,60 | 18,50 | 10,48 |
| DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. | 134.688,36 € | -73.125,69 | 35,19 | -12,14 |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | | | | |
| Astibot Ingeniería Informática Robotica Domotica S.L | | | | |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 155.860,54 € | -51.953,51 | 25,00 | 1,67 |
| IMESAPI S.A. | | | | |
| | | | | |
| PRESUPUESTO DE LICITACIÓN | 207.814,05 | | | |
| OFERTA MÁS ECONÓMICA | 134.688,36 € | | | |
| MEDIA OFERTAS | 153.305,78 € | | | |
| 5% MEDIA ARITMÉTICA OFERTAS | 7665,289 | | | |
| LÍMITE OFERTA INFERIOR A LA MEDIA EN UN 5% (límite temeridad) | 145.640,49 | | | |

Á vista do anterior, a oferta do licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L. estaría incursa en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada con arranxo ao primeiro criterio dos determinados pola cláusula 12.2 , apartado 4 do PCAP que rexe a licitación.

Visto o informe emitido polo xefe do servizo de informática en relación coa oferta polos licitadores de melloras avaliables automaticamente, previstas nos pregos que rexen a licitación e relativas á ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos citados pregos, así como o resto de melloras avaliables automaticamente e unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no Anexo IV do PCAP, o resultado é o seguinte:

| LICITADOR | Incremento garantía puntos | Consultor experiencia PSTD (A-2-2.1) puntos | Técnico contidos turísticos (A-2-2.2) puntos |
|---|---|---|---|
| CINNIA TECH | 10 | 5 | 5 |
| DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. | 10 | 5 | 5 |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | 10 | 0 | 0 |
| ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBOTICA DOMOTICA S.L | 10 | 0 | 0 |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 10 | 0 | 0 |
| IMESAPI S.A. | 10 | 5 | 5 |

Para determinar se a oferta do licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L. está incursa en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada con arranxo ao segundo criterio dos determinados pola cláusula 12.2, apartado 4 do PCAP que rexe a licitación, súmanse as puntuacións de todos os criterios de adxudicación diferentes ao prezo (suxeitos a xuízo de valor e avaliables automaticamente), sendo o resultado o seguinte:

| LICITADOR | Incremento garantía puntos | Consultor experiencia PSTD (A-2-2.1) puntos | Técnico contidos turísticos (A-2-2.2) puntos | prop técnica (puntos) | PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS DISTINTOS PREZO |
|---|---|---|---|---|---|
| CINNIA TECH | 10 | 5 | 5 | 40,5 | 60,5 |
| DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. | 10 | 5 | 5 | 40,5 | 60,5 |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | 10 | 0 | 0 | 27 | 37 |
| ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBOTICA DOMOTICA S.L | 10 | 0 | 0 | 41,75 | 51,75 |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 10 | 0 | 0 | 31,75 | 41,75 |
| IMESAPI S.A. | 10 | 5 | 5 | 41,5 | 61,5 |
| | | | | | |
| Puntuación media | 52,17 | | | | |
| 10% puntuación media | 5,217 | | | | |
| Umbral de Temeridad | 57,39 | | | | |

Serían por tanto 3 as ofertas dos licitadores que estarían incursas en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada con arranxo ao segundo criterio dos determinados pola cláusula 12.2, apartado 4 do PCAP que rexe a licitación.

Tendo en conta que para que unha oferta estea incursa en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada, deben concorrer os dous criterios contemplados na cláusula 12.2 apartado 4 do PCAP que rexe a licitación, a oferta presentada polo licitador DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. atópase incursa en baixa presuntamente anormal ou desproporcionada porque na mesma concorren os dous criterios citados."

De conformidade cos informes técnicos transcritos no que antecede, e en base ao contido dos mesmos, a Mesa de Contratación, en sesión de data 16 de xaneiro de 2026, acordou requirir ao licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L., cuxa oferta se atopa incursa en presunción de anormalidade, para os efectos de que xustifique e desagregación razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade das ofertas, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos; concedéndolle para iso un prazo de 6 días hábiles.

Dos Espacios Internet Consulting, S.L., presentou, con data 26 de xaneiro de 2026, un informe que tiña por obxecto xustificar a viabilidade técnica, económica e organizativa da oferta presentada e solicitaba que se tivese por debidamente atendido o requirimento de xustificación formulado e que a oferta presentada fose considerada plenamente válida e viable.

Á vista da xustificación da baixa presuntamente anormal ou desproporcionada presentada por Dos Espacios Internet Consulting, S.L., o xefe do servizo de informática emitiu o seguinte informe con data 3 de febreiro de 2026:

"ASUNTO:

Informe sobre a xustificación presentada polo licitador Dos Espacios Internet Consulting S.L.

solicitada polo Concello a propósito da desproporción anormal na oferta económica presentada na licitación “Implantación dunha plataforma turística dixital e intelixente e o seu compoñente vertical de mobilidade no concello de Vilagarcía de Arousa, dentro do marco de actuación do plan de sostenibilidade turística.”. CT 64/2025-e.

INFORME:

Unha vez realizada a apertura dos sobres que conteñen a oferta económica e demais criterios cuantificables automaticamente das ofertas presentadas para a licitación dun contrato de subministración denominado “Implantación dunha plataforma turística dixital e intelixente e o seu compoñente vertical de mobilidade no concello de Vilagarcía de Arousa” , dentro do marco de actuación do plan de sostenibilidade turística.”. E de conformidade co establecido no artigo 149.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en relación coa cláusula 12.2 do PCAP debido a desproporción anormal na oferta económica presentada polo licitador mencionado anteriormente.

O Concello solicitou ao licitador a presentación a través dos servizos da Plataforma de Contratación do Sector Público dunha xustificación da súa oferta económica e desagregar razoadamente o baixo nivel de prezos ou de custes ou calquera outro parámetro que xustifique a citada oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

A empresa presentou documento de xustificación da oferta con data 26 de xaneiro de 2026.

Marco xurídico.

O artigo 149.4 da LCSP establece que o órgano de contratación:

4. Cando a mesa de contratación, ou na súa falta o órgano de contratación houber identificado unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as tivesen presentado dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberá formularse con claridade de maneira que estes estean en condicións de xustificar plena e oportunamente a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou na súa falta o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,

c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.

e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comproban que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Ademais disto a doutrina consolidada dos tribunais administrativos de contratación pública establece, de forma reiterada, que a xustificación debe ser concreta, obxectiva, suficiente e verificable, para isto non é suficiente con afirmacións xenéricas, estimacións internas ou

declaracións de eficiencia non acreditadas.
Tendo isto en conta non é tarefa do órgano de contratación completar ou interpretar a xustificación, suplindo a falta de proba do licitador.
Valoración da xustificación presentada
I.- Do exame do documento presentado por De os Espazos Internet Consulting, S.L. #observar que non se achega ningún orzamento, oferta vinculante, contrato marco, factura, acordo comercial, tarifa de provedor nin documento externo ningún que permita verificar os prezos unitarios declarados, moi inferiores aos calculados para a licitación. Isto é así xa que os importes consignados para hardware, equipamento e sistemas físicos esenciais do contrato limítanse a unha enumeración de prezos sen respaldo documental.
A empresa remítese de forma reiterada a expresións xenéricas tales como prezos habituais de provedores", "relacións comerciais estables" ou "experiencia previa", sen achegar proba ningunha das citadas circunstancias.
Esta ausencia de soporte documental impide ao órgano de contratación comprobar a realidade, actualidade e aplicabilidade dos prezos alegados, incumprindo mínimo criterio de xustificación esixido polo artigo 149.4 da LCSP, xa que non hai unha mínima acreditación obxectiva dos prezos ofertados.
II.- Os factores de eficiencia alegados pola empresa como xustificativos dos valores anormais: Experiencia previa, equipo propio, metodoloxía, proximidade territorial, teñen un carácter organizativo e operativo e son meramente declarativos, como ocorre cos puntos analizados anteriormente. E en todo caso non gardan relación directa coa redución do custo de subministracións físicas, non se traducen nunha cuantificación económica concreta e non xustifican prezos moi por baixo de mercado en bens cuxo custo está determinado esencialmente por terceiros fabricantes e provedores.
A xustificación tampouco incorpora ningunha análise económica que permita verificar o impacto real dos devanditos factores no prezo final, polo que non pode considerarse suficiente.
Conclusión
Á vista da análise efectuada, conclúese que a xustificación presentada por Dos Espacios Internet Consulting, S.L. non cumpre as esixencias do artigo 149.4 da LCSP, ao non achegar proba obxectiva, suficiente e verificable que permita acreditar a viabilidade real da oferta.
A empresa non desvirtuou a presunción de anormalidade, limitándose a declaracións xenéricas de eficiencia sen respaldo documental, mantendo prezos sensiblemente inferiores aos de mercado sen xustificación acreditada.
Visto o que antecede, quen subscribe propón á Mesa de Contratación:
O rexeitamento da oferta presentada por Dos Espacios Internet Consulting, S.L., por non quedar debidamente xustificado o baixo nivel dos prezos, polo que procede a súa exclusión da licitación, debendo continuarse o procedemento co resto de licitadores admitidos."
Á vista do devandito informe, a mesa de contratación, en sesión de data 6 de febreiro de 2026, acordou o seguinte:
"A Mesa de Contratación, asume o contido deste informe técnico, emitido polo Enxeñeiro Informático Municipal e, en base ao contido do mesmo, acorda excluír do proceso de licitación a oferta presentada polo licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L., ao non xustificar adecuadamente a súa oferta anormalmente baixa."
Unha vez excluída a oferta do licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L.; a mesa de contratación procedeu á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co resultado seguinte:

| LICITADOR | Puntos proposta técnica | Oferta económica sen IVE | Puntos oferta económica | Puntos mellora: incremento garantía | Puntos mellora: adscripción dun consultor con experiencia en xestión de proxecto DTI o de PSTD | Puntos mellora: adscripción dun técnico de contidos con experiencia en creación de contidos turísticos. | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CINNIA TECH | 40,5 | 169.368,45€ | 22,94 | 10 | 5 | 5 | 83,44 (Proposto para a adxudicación) |
| PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL | 41 | 155.860,54 € | 31 | 10 | 0 | 0 | 72,75 |
| IMESAPI S.A. | 41,5 | 199.727,63 € | 4,83 | 10 | 5 | 5 | 66,33 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Astibot Ingeniería Informática Robotica Domotica S.L | 41,75 | 187.900,00 € | 11,88 | 10 | 0 | 0 | 63,63 |
| PROMETEO INNOVATIONS S.L. | 27 | 184.954,00 € | 13,64 | 10 | 0 | 0 | 50,64 |

Unha vez proposta a exclusión do licitador Dos Espacios Internet Consulting, S.L., e de conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a Mesa de contratación concluíu a seguinte lista Ordeada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:
Orde: 1NIF: B60070505 CINNIA TECH Proposto para a adxudicación
Total criterios CJV: 40.5
Total criterios CAF: 42.94
Total puntuación: 83.44
Orde: 2NIF: B66585613 PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL
Total criterios CJV: 31.75
Total criterios CAF: 41
Total puntuación: 72.75
Orde: 3NIF: A28010478 IMESAPI S.A.
Total criterios CJV: 41.5
Total criterios CAF: 24.83
Total puntuación: 66.33
Orde: 4NIF: B47736384 Astibot Ingeniería Informática Robotica Domotica S.L
Total criterios CJV: 41.75
Total criterios CAF: 21.88
Total puntuación: 63.63
Orde: 5NIF: B74197708 PROMETEO INNOVATIONS S.L.
Total criterios CJV: 27
Total criterios CAF: 23.64
Total puntuación: 50.64
Orde: 6NIF: B36562445 DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. Propuesto para la exclusión
Total criterios CJV: 40.5
Total criterios CAF: 0
Total puntuación: 40.5
Á vista do que antecede, a mesa de contratación conforme ao disposto polo art. 150.1 da Lei de Contratos do Sector Público, acordou:
1.- Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da licitación da empresa Dos Espacios Internet Consulting, S.L., de acordo co informe emitido polo enxeñeiro informático municipal, ao non xustificar suficientemente a baixa desproporcionada na que incorrían as súas ofertas.
2.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato mixto denominado "Implantación dunha plataforma turística dixital e intelixente e o seu compoñente vertical de mobilidade no concello de Vilagarcía de Arousa, dentro do marco de actuación do plan de sustentabilidade turística", cun orzamento de licitación de 207.814,05€ (IVE excluído) 251.455,00€ (IVE incluído), á empresa con NIF: B60070505 CINNIA TECH de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 432-6410018.
A oferta do licitador é a seguinte:
- Prezo ofertado: 169.368,45€ (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 35.567,37€, o que totaliza un importe de 204.935,82€ (IVE incluído).
- Melloras:

- Ampliación do prazo de garantía en 2 anos respecto ao mínimo de tres anos previsto nos pregos que rexen a licitación (prazo total de garantía: 5 anos)
- Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscrición á execución do proxecto dun consultor con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en xestión de proxectos de DTI (destino turístico intelixente) ou de PSTD (plan de

sustentabilidade turística en destino).
- Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscrición á execución do proxecto dun técnico de contidos con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en creación de contidos turísticos.

A Xunta de Goberno Local (órgano de contratación) en sesión celebrada o 2 de marzo de 2026, acordou:
1.- A exclusión da licitación da oferta da empresa Dos Espacios Internet Consulting, S.L., de acordo con o informe emitido polo enxeñeiro informático municipal, ao non xustificar suficientemente a baixa desproporcionada na que incorría a súa oferta.
2.- Adxudicar o contrato de mixto denominado “Implantación dunha plataforma turística dixital e intelixente e o seu compoñente vertical de mobilidade no Concello de Vilagarcía de Arousa, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, con cargo ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” no marco do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021cun orzamento de licitación de 207.814,05€ (IVE excluído) 251.455,00€ (IVE incluído), á empresa con NIF: B60070505 CINNIA TECH de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación dentro do proxecto de gasto 2023/2/NEXT/6 con cargo ás aplicacións orzamentarias:
432 6410018 PROXECTO: 2023/2/NEXT/6 por importe de 119.000,00 (Ref.22025006741)
432 6410018 PROXECTO: 2023/2/NEXT/6 por importe de 132.455,00 (Ref.22025006742)
A oferta do licitador é a seguinte:
- Prezo ofertado: 169.368,45€ (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 35.567,37€, o que totaliza un importe de 204.935,82€ (IVE incluído).
- Melloras:

- Ampliación do prazo de garantía en 2 anos respecto ao mínimo de tres anos previsto nos pregos que rexen a licitación (prazo total de garantía: 5 anos)
- Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscrición á execución do proxecto dun consultor con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en xestión de proxectos de DTI (destino turístico intelixente) ou de PSTD (plan de sustentabilidade turística en destino).
- Ampliación do equipo técnico mínimo previsto nos pregos que rexen a licitación: adscrición á execución do proxecto dun técnico de contidos con experiencia acreditada (mínimo 12 meses) en creación de contidos turísticos.

A notificación a Dos Espacios Internet Consulting, S.L., do acordo citado anteriormente foi posta á súa disposición na plataforma de notificación electrónica o día 3 de marzo de 2026 ás 13:54 horas, sendo recibida pola devandita entidade o 4 de marzo de 2026 ás 07:44 horas.
A publicación do acordo de adxudicación no perfil do contratante do órgano de contratación realizouse o 10 de marzo de 2026.
Tendo en conta o exposto, o órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) INFORMA DESFAVORABLEMENTE o recurso especial en materia de contratación citado debido a que:
1.- Non procede a anulación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 2 de marzo de 2026, relativo á exclusión da empresa Dos Espacios Internet Consulting, S.L., por considerar o acordo plenamente válido e eficaz e adaptado á lexislación en materia de contratación, como así o corroboran os informes técnicos e xurídicos existentes no expediente e os acordos da mesa de contratación adoptados en base aos citados informes, emitidos pola xefa do servizo de contratación e polo xefe do servizo de informática.
2.- Dado que non procede a anulación do acordo de exclusión, tampouco procede a retroacción das actuacións ao momento inmediatamente posterior á exclusión de Dos Espacios Internet Consulting, S.L., posto que os informes obrantes no expediente foron taxativos á hora de considerar a oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados, así como a non considerar suficientemente xustificado o prezo ofertado, xa que a xustificación non cumpre as esixencias do art. 149.4 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, debido a que non achega proba obxectiva, suficiente e verificable que permita acreditar a viabilidade real da oferta.

Ademais, a empresa non desvirtuou a presunción de anormalidade, limitándose a declaracións xenéricas de eficiencia sen respaldo documental, mantendo os prezos sensiblemente inferiores aos do mercado sen xustificación acreditada.
3.- Tampouco procede a retroacción das actuacións ao momento inmediatamente anterior á súa exclusión, posto que o Concello requiriu á empresa Dos Espacios Internet Consulting, S.L., á vista da súa oferta anormalmente baixa, presentar unha xustificación da súa oferta, así como a desagregación razoada do baixo nivel de prezos ou dos custos ou calquera outro parámetro que xustificase a súa oferta, mediante a presentación da información e documentos que resultasen pertinentes para estes efectos. Sobre este particular, o informe do xefe do servizo de informática de data 3 de febreiro de 2026, indica que do exame do documento presentado por Dos Espacios Internet Consulting, S.L. obsérvase que non achega ningún orzamento, oferta vinculante, contrato marco, factura, acordo comercial, tarifa de provedor nin documento externo algún que permita verificar os prezos unitarios declarados, moi inferiores aos calculados para a licitación. Isto é así porque os importes consignados para hardware, equipamento e sistemas físicos esenciais do contrato limítanse a unha enumeración de prezos sen respaldo documental. A empresa remítese de forma reiterada a expresións xenéricas tales como “prezos habituais de provedores”, “relacións comerciais estables” ou “ experiencia previa” sen achegar proba algunha destas circunstancias.
Esta ausencia de soporte documental impide ao órgano de contratación comprobar a realidade, actualidade e aplicabilidade dos prezos alegados, incumprindo o mínimo criterio de xustificación esixido polo art. 149.4 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, xa que non hai unha mínima acreditación obxectiva dos prezos ofertados.
Os factores de eficiencia alegados pola empresa como xustificativos dos valores anormais: experiencia previa, equipo propio, metodoloxía, proximidade territorial, teñen un carácter organizativo e operativo e son meramente declarativos, como ocorre cos puntos analizados anteriormente. E en todo caso non gardan relación directa coa redución do custo de subministracións físicas, non se traducen nunha cuantificación económica concreta e non xustifican prezos moi por baixo de mercado en bens cuxo custo está determinado esencialmente por terceiros fabricantes e provedores.
A xustificación tampouco incorpora ningunha análise económica que permita verificar o impacto real dos devanditos factores no prezo final, polo que non pode considerarse suficiente.
A retroacción das actuacións solicitada supoñería outorgar un novo prazo para a xustificación da súa oferta, o que podería entenderse como un trato de favor con respecto aos demais licitadores.
4.- Por último, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública o levantamento da suspensión automática do procedemento de contratación, debido a que se trata dun contrato financiado pola Unión Europea (Next Generation EU), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, cuxo prazo de execución finaliza o 30 de maio de 2026, sendo especialmente importante o poder continuar coa súa tramitación coa finalidade de levar a cabo a actuación e non perder o financiamento europeo que apoia o contrato de “Implantación dunha plataforma turística dixital e intelixente e o seu compoñente vertical de mobilidade no Concello de Vilagarcía de Arousa”.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2026/0762**
Visto o expediente INT/2025/606 integrado pola certificación de obra Nº DÚAS (2026/169), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/139), por importe de 52.944,94€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DÚAS (2026/169), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro

2026/139), por importe de 52.944,94€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/169 | DOS | 08/01/2026 | 52.944,94 | B97400626 | VILOR INFRAESTRUCTURAS SL | CERT. DÚAS (UN IMPORTE 0,00) OBRA ""AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA"" | 342 | 62200 |

**PRP2026/0763**
Visto o expediente INT/2025/607 integrado pola certificación de obra Nº TRES (2026/199), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/140), por importe de 53.348,33€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES (2026/199), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/140), por importe de 53.348,33€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/199 | TRES | 12/01/2026 | 53.348,33 | B97400626 | VILOR INFRAESTRUCTURAS SL | CERT. TRES OBRA ""AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA"" PROX: 2024/2/PREST/1/1 | 342 | 62200 |

**PRP2026/0767**
Visto o expediente INT/2026/11, integrado pola certificación de obra Nº DÚAS (2026/154), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA FONTE E LAVADOIRO DE VILABOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/103), por importe de 22.406,13€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DÚAS (2026/154), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA FONTE E LAVADOIRO DE VILABOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/103), por importe de 22.406,13€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/154 | DÚAS | 07/01/2026 | 22.406,13 | B70538459 | NOVAVIAL, S.L. | CERTIF. DÚAS OBRA ""HUMANIZACIÓN ENTORNO FONTNE E LAVADOOIRO DE VILABOA"". PROX: 2024/2/PREST/5/1 | 454 | 61900 |

**PRP2026/0769**
Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº TRES (2026/163), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA TORRE DE GUILLÁN E RÚA BERNARDAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/117), por importe de 30.748,75€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES (2026/163), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA TORRE DE GUILLÁN E RÚA BERNARDAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/117), por importe de 30.748,75€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/163 | TRES | 08/01/2026 | 30.748,75 | B36024933 | CONST. VALE, S.L. | CERTIF. TRES OBRA ""AMPLIACIÓN SANEAMENTO RÚAS TORRE DE GUILLÁN E BERNARDAS"". PROX: 2024/2/PREST/11/1 | 160 | 61900 |

**PRP2026/0765**
Visto o expediente INT/2026/17 integrado pola certificación de obra Nº CINCO (2026/201), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/162), por importe de 64.012,23€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CINCO (2026/201), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/162), por importe de 64.012,23€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/201 | CINCO | 12/01/2026 | 64.012,23 | B97400626 | VILOR INFRAESTRUCTURAS SL | CERT. CINCO OBRA ""AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA"" PROX: 2024/2/PREST/1/1 | 342 | 62200 |

**PRP2026/0766**
Visto o expediente INT/2026/18 integrado pola certificación de obra Nº SEIS (2026/202), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/225), por importe de 31.679,54€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº SEIS (2026/202), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/225), por importe de 31.679,54€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/202 | SEIS | 12/01/2026 | 31.679,54 | B97400626 | VILOR INFRAESTRUCTURAS SL | CERT. SEIS OBRA ""AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA"" PROX: 2024/2/PREST/1/1 | 342 | 62200 |

**PRP2026/0770**
Visto o expediente INT/2026/36 integrado pola certificación de obra Nº CATRO E FINAL (2026/226), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DUN TRAMO DA AVDA. ROSALIA DE CASTRO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/208), por importe de 34.853,42€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
Visto o informe final de obra do Director de Obra xustificativo do importe obxecto de variacións.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 946,25€.
2. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CATRO E FINAL (2026/226), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DUN TRAMO DA AVDA. ROSALIA DE CASTRO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/208), por importe de 34.853,42€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/226 | CATRO E FINAL | 14/01/2026 | 34.853,42 | B36024933 | CONST. VALE, S.L. | CERTIF. CATRO E FINAL ""REFORMA E AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO DUN TRAMO DA AVDA. ROSALIA DE CASTRO"" PROX: 2024/2/PREST/9/1 | 160 | 61900 |

**PRP2026/0771**
Visto o expediente INT/2026/98 integrado pola certificación de obra Nº CATRO E FINAL (2026/1093), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA TORRE DE GUILLÁN E RÚA BERNARDAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/766), por importe de 21.955,55€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
Visto o informe final de obra do Director de Obra xustificativo do importe obxecto de variacións.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 1.393,77€.
2. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CATRO E FINAL (2026/1093), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA TORRE DE GUILLÁN E RÚA BERNARDAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/766), por importe de 21.955,55€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/1093 | CATRO E FINAL | 10/02/2026 | 21.955,55 | B36024933 | CONST. VALE, S.L. | CERTIF. CATRO E FINAL OBRA ""AMPLIACIÓN SANEAMENTO RÚAS TORRE DE GUILLÁN E BERNARDAS"". PROX: 2024/2/PREST/11/1 | 160 | 61900 |

**PRP2026/0768**
Visto o expediente INT/2026/107, integrado pola certificación de obra Nº TRES (2026/1091), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA FONTE E LAVADOIRO DE VILABOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/815), por importe de 46.938,79€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local,  previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES (2026/1091), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA FONTE E LAVADOIRO DE VILABOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/815), por importe de 46.938,79€€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/1091 | TRES | 10/02/2026 | 46.938,79 | B70538459 | NOVAVIAL, S.L. | CERTIF. TRES OBRA ""HUMANIZACIÓN ENTORNO FONTNE E LAVADOOIRO DE VILABOA"". PROX: 2024/2/PREST/5/1 | 454 | 61900 |

**PRP2026/0772**
Visto o expediente INT/2026/141 integrado pola certificación de obra Nº TRES E FINAL (2026/1358), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MUIÑOS DE CEA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/1298), por importe de 35.568,41€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
Visto o informe final de obra do Director de Obra xustificativo do importe obxecto de variacións.
A Xunta de Goberno Local , previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 400,76€.
2. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES E FINAL (2026/1358), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MUIÑOS DE CEA", (xustificante de gasto

con Nº de rexistro 2026/1298), por importe de 35.568,41€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/1358 | TRES E FINAL | 02/03/2026 | 35.568,41 | B36130649 | MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | CERTIF. TRES E FINAL OBRA ""AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTACEMENTO RÚA MUIÑOS DE CEA""PROX: 2025/2/POS25/3/1 | 160 | 60900 |

**PRP2026/0775**
Visto o expediente de gasto INT/2026/150 integrado pola relación de xustificantes F/2026/43 por importe de 22.819,57€.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:
PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/43 por importe de 22.819,57€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/570 | Emit- 0015 | 26/01/2026 | 11.833,80 | 334 | 62300 | B94064045 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( INSTALACIÓN DE ESTUFA DE PELLETS EN CENTRO CULTURAL DE A TORRE ) |
| F/ 2026/600 | Emit- 438 | 28/01/2026 | 417,45 | 432 | 22602 | B36252872 | BAÑOS PRINT, S.L. | VINILOS PARA SENDA VERDE ( TURISMO ) |
| F/ 2026/784 | 0780200004 | 31/01/2026 | 341,83 | 926 | 22602 | A28281368 | RADIO POPULAR, S.A. | C-100 RIAS BAIXAS-MORNING BUENOS DIAS JAVI Y MAR ( CONCELLO DE VILAGARC ) / C-100 RIAS BAIXAS-CADENA 100 ( CONCELLO DE |
| F/ 2026/862 | Emit- 108 | 10/02/2026 | 1.458,00 | 132 | 62300 | A36042778 | MANUEL SANTOS CAO, S.A. | PISTOLA H&K USP COMPACT 9X19 MM / CHALECO BALISTICO FEMENINO LIFEMAX / POLICIA LOCAL DE VILAGARCIA DE AROUSA |
| F/ 2026/1198 | Emit- 202613 | 20/02/2026 | 3.960,00 | 2314 | 22610 | 78734451T | QUINTEIRO ROA, NELSON | PRODUCCIÓN DE PERFORMANCE COREOGRÁFICA TEMÁTICA PARA O EVENTO “UVAS ANTICIPADAS” CELEBRADA O 31 DE DECEMBRO DE 2025 EN H |
| F/ 2026/1213 | 7/ 2026 | 23/02/2026 | 1.122,00 | 2314 | 22610 | B94198934 | GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA | DESYAUNO Y CAFE PREVIO. 4º EDICION DE (IN)FORME XORNADA TCA. SOBRE FORMACION E FUTURO LABORAL ( AREA XUVENTUDE ) |
| F/ 2026/1234 | B26- 28 | 23/02/2026 | 1.080,02 | 2314 | 22610 | B36030997 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | 20/02/2026 Servicio de traslado de 6 autocares desde IES Cotarelo Valledor, CIFP Fontecarmoa e IES O Carril ao Auditorio |
| F/ 2026/1285 | 17 26 | 26/02/2026 | 352,00 | 231 | 22610 | 35449286F | MIGUENS NAVIA, CARMEN | PLANTAS EMPAQUETADAS ENTREGADAS EN EL AYUNTAMIENTO |
| F/ 2026/1288 | 426 | 23/02/2026 | 1.004,30 | 2314 | 22610 | 35473888E | JUEGUEN GARCIA, PABLO | (IN)FÓRMATE 2026. PREPRODUCCIÓN, MONTAXE, EDICIÓN VIDEO E TÉNICO VIDEO. |
| F/ 2026/1373 | 02/26 | 28/02/2026 | 1.250,17 | 2312 | 22604 | 35434077R | PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION | SERVIZOS PRESTADOS NA ÁREA DE IGUALDADE. FEBREIRO 2026. |
| | | TOTAL: | 22.819,57 | | | | | |

**PRP2026/0776**
Visto o expediente de gasto INT/2026/151 integrado pola relación de xustificantes F/2026/45 por importe de 987,99€.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:
PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/45 por importe de 987,99€ coa seguinte desagregación:

| Nº de | Nº de | Fecha | Importe | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| Entrada | Documento | Dto. | Total | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/1235 | 0/2026/391 | 15/02/2026 | 936,09 | 920 | 22500 | Q3667003B | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | TAXA DE OCUPACIÓN POLA UTILIZACIÓN DA PARCELA 03-004 PARA ENSINANZAS NAÚTICAS E DEPORTIVAS. XANEIRO-XUÑO 2026. |
| F/ 2026/1236 | 0/2026/392 | 15/02/2026 | 51,90 | 920 | 22500 | Q3667003B | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | TAXA DE ACTIVIDADE POLA UTILIZACIÓN DA PARCELA 03-004 PARA ENSINANZAS NAÚTICAS E DEPORTIVAS. XANEIRO-XUÑO 2026. |
| | | TOTAL: | 987,99 | | | | | |

**PRP2026/0773**

Visto o expediente de gasto INT/2026/154 integrado pola factura con R.E. 2026/49 por importe de 1.260,00€.

Vista a documentación aportada pola Mancomunidade do Salnés, os importes das asistencias a Órganos Colexiados polos membros do Concello de Vilagarcía de Arousa, coinciden cos aprobados na sesión extraordinaria celebrada pola Xunta da Mancomunidade o 6 de febreiro de 2020.

Enténdese que o acordo onde aprobouse a imputación do gasto das asistencias a cada un dos concellos integrantes segue en vigor polo que, por todo o exposto:

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización pola Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21ª.II das BEO do ano 2025, prorrogadas ao exercicio 2026, imputar o gasto do exercicio 2025 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2025 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: O recoñecemento de Obriga para a factura con R.E. 2026/49 por importe de 1.260,00€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/49 | ASISTENCIASESION/25 | 30/12/2025 | 1.260,00 | 943 | 46300 | P3600041B | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL POLA ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DA COMISIÓN EXECUTIVA, XUNTA DA MANCOMUNIDADE E COMISIÓN DE CONTAS 2025. |
| | | TOTAL | 1.260,00 | | | | | |

**PRP2026/0777**

Visto o expediente de gasto INT/2026/155 integrado pola relación de xustificantes F/2026/47 por importe de 2.395,80€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/47 por importe de 2.395,80€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/1229 | F- 328 | 23/02/2026 | 484,00 | 926 | 22602 | 36069623B | GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION | Campaña publicidade Entroido 2026 en Arousa Si Radio. |
| F/ 2026/1238 | 2026F0000071 | 31/01/2026 | 1.149,50 | 926 | 22602 | A36600815 | FARO DE VIGO SA | Campaña / Anuncio: Orden: 2025/88708 CONCELLO VILAGARCIA CAMPAÑA DIXITAL NADAL 2025 - Periodo / Fechas: 31/01/2026 |
| F/ 2026/1239 | 2026F0000070 | 31/01/2026 | 762,30 | 926 | 22602 | A36600815 | FARO DE VIGO SA | Campaña / Anuncio: Orden: 2025/91538 CONCELLO VILAGARCÍA - MEDIA PAGINA - 31.12.202 - Periodo / Fechas: 31/01/2026 |
| | | TOTAL: | 2.395,80 | | | | | |

**PRP2026/0764**
Visto o expediente INT/2026/16 integrado pola certificación de obra Nº CATRO (2026/200), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/141), por importe de 25.726,83€.
Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CATRO (2026/200), derivada da execución do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/141), por importe de 25.726,83€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Tercero | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/200 | CATRO | 12/01/2026 | 25.726,83 | B97400626 | VILOR INFRAESTRUCTURAS SL | CERT. CATRO OBRA ""AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA"" PROX: 2024/2/PREST/1/1 | 342 | 62200 |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.